

## ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:15 horas do día **12 de setembro de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidenta, dona Rosana Rielo Rozas.
- Pola Concellería de Infraestruturas e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal Socialista: dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP: Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral: don Marcial Rodríguez Toajas
- Pola Asesoría Xurídica; dona María García Ferro
- Polo Servizo de Contratación: don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

### **1.- Aprobación e sinatura, se procede, da acta da sesión do día 29 de agosto de 2014.**

Procedeuse a súa aprobación e sinatura

### **2.- Propostas para ditame e valoración:**

- Dar conta á Xunta de Compras da proposta que non debería ir, pero que foi á Xunta de Compras do día 5 de setembro de 2014 e que consistiu na contratación de material de oficina, por importe de 495,34 euros, a favor da empresa PRELO, S.L.

### **Deuse conta de dita proposta.**

#### **- De Desenvolvemento Local (CEI-NODUS)**

- Para a publicación de bases para a convocatoria de subvencións ás microempresas lucenses no diario El Progreso, por importe de 907,50 euros, a favor da empresa **EL PROGRESO DE LUGO, S.L.**
- Para cañas radiofónicas na cadea Ser Lugo da convocatoria de subvencións ás microempresas lucenses, por importe de 242,00 euros, a favor da empresa **GRUPO RADIO LUGO, S.A.**
- Para cañas radiofónicas nas frecuencias COPE e CADENA 100 da convocatoria de subvencións ás microempresas lucenses, por importe de 242,00 euros, a favor da empresa **COPE e CADENA 100.**

## **CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cbg

Refª: acta 12-09-14.doc

Asunto:

- Para cuñas radiofónicas en Onda Cero Lugo da convocatoria de subvencións ás microempresas lucenses, por importe de 239,58 euros, a favor da empresa **ONDA CERO LUGO**.
- Para 15 módulos en branco e negro no diario La Voz de Galicia, na edición de Lugo, da convocatoria de subvencións ás microempresas lucenses, por importe de 508,20 euros, a favor da empresa **LA VOZ DE GALICIA, S.A.**

### **- De Réxime Interior e Protección da Comunidade**

- Para valos metálicos para sinalización circunstancial e cortes de tráfico durante as festas patronais de San Froilán 2014, por importe de 524,54 euros, a favor da empresa **TALLERES TORNEIRO, S.A.**
- Para a adquisición de cinta policial de balizamento, por importe de 1.385,45 euros, a favor de **FLEXOGRÁFICAS DO CARBALLIÑO, S.A.**
- Para a adquisición de uniformidade para os axentes de mobilidade, por importe de 919,60 euros, a favor de **MASEIMU VESTUARIO, S.L.**

### **- De Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua**

- Para o suministro de 5.000 Kgs de pellets da caldeira de biomasa do MIHL, por importe de 1.452 euros, a favor de **ISEMPA**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do PP.

- Para a aprobación do gasto que se destinará como premio co motivo da celebración do 1º concurso de polbeiros/as dentro do San Froilán 2014 para incentivar os coñecementos e habilidades de ditos profesionais do ámbito de Galicia en materia da elaboración e servizo do "Polbo á Feira", por importe de 600 euros.
- Para o aluguer dunha carpa na Praza da Soidade para animación da rúa nas Festas de San Froilán 2014, por importe de 4.779,50 euros, a favor de **CARPAS CARBOEIRA**.

### **- De Parque Móbil**

- Para recambios, accesorios e reparacións de vehículos e maquinaria municipal, por importe de 10.890,00 euros. **(PROPOSTA XENÉRICA)**.
- Para a adquisición de gasolina, gasoil e derivados, por importe de 12.000,00 euros. **(PROPOSTA XENÉRICA)**.

### **- De Urbanismo e Medio Ambiente**

- Para a adquisición de determinadas publicacións, por importe de 609,56 euros, a favor de **PÓRTICO LIBRERÍAS, S.L.**

**- De Taller de Augas**

- Para a adquisición de roupa de traballo para o persoal do taller de augas, por importe de 2.984,34 euros, a favor de **TORNEIRO, S.A.**

**- De Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (obradoiro Arqueo Lvcvs).-**

- Para a adquisición de dous discos duros externos para a configuración dunha rede local para a transferencia de arquivos entres os diferentes postos que compoñen o taller, por importe de 400,00 euros, a favor de **SILAS BARREIRA MARTÍNEZ.**

**- De Informática**

- Para o mantemento anual preventivo e correctivo do sistema de extinción de incendios do CPD municipal, por importe de 806,65 euros, a favor de **EMETEL SISTEMAS, S.L.**

**- De Infraestructuras e Obras (Edifícios municipais).-**

- Para rehabilitación de portas-balconeiras e ventás da casa do Concello, por importe de 27.491,20 euros, a favor de **MURALLA DE REHABILITACIONES, S.L.U.**

**- De Oficina Plan Urban**

- Dación de conta da proposta de decreto de modificación de cambio do adxudicatario: don Roberto Bartolomé Abreira a favor de Engobe Arqueología, s.l.u., para a realización dos traballos arqueolóxicos durante a execución do proxecto básico e de execución para a adecuación exterior, ecoespazo e oficina na praza de abastos Municipal de Lugo cun importe de 11.750,00 euros (14.217,50 € con IVE).

**Deuse de conta de dita proposta.**

**3.- Facturas para ditame**

- Dación de conta do Decreto número 14008302 do 11 de setembro de 2014. Ditaminouse favorablemente.

**FÓRA DA ORDE DO DÍA, tratáronse as seguintes propostas:**

## **CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cbg

Refª: acta 12-09-14.doc

Asunto:

### **- Da Oficina de Plan Urban:**

- Para a publicación dun anuncio no diario El Progreso de Lugo sobre a apertura da Praza de Abastos durante a execución das obras, a favor da empresa **EL PROGRESO DE LUGO, S.L.**
- Para a publicación dun anuncio no diario La Voz de Galicia sobre a apertura da Praza de Abastos durante a execución das obras, a favor da empresa **LA VOZ DE GALICIA, SA.**
- Para a impresión e instalación de lona microperforada sobre valla da praza de Santo Domingo na obra de adecuación exterior da Praza de Abastos a favor da empresa **PRELO, S.L.**

Estas tres propostas foron ditaminadas favorablemente, coa abstención do representante do Partido Popular.

- Para a co-dirección da obra executada nas Canellas do Hospital e do Son, nos traballos de rehabilitación do convento das RR.MM Agustinas, a favor da empresa **JOSÉ MARÍA ALONSO MONTERO.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### **- De Medio Ambiente**

- Para aluguer de 2 cabinas sanitarias para a súa instalación no campo ao lado da igrexa de Santiago de Meilán, a favor da empresa **RECITOR E SANILU, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### **- De Desenvolvemento Local**

- Para vixianza e seguridade no recinto CEI-NODUS a favor da empresa **VIGILANCIA INTEGRADA, S.A. (VINSA).**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

## **4.- Rogos e preguntas**

Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 13:45 horas do día sinalado no encabezamento.